



Llerena Perozo: “Hai que escribir desde unha mesma, incluso a ficción máis fantasiosa, pois iso dá veracidade”

Tensi Gesteira [26 de Setembro de 2024](#)

<https://amovida.gal/llerena-perozo-hai-que-escribir-desde-unha-mesma-incluso-a-ficcion-mais-fantasiosa-pois-iso-da-veracidade/>

Tentar vivir en comunión cos valores que defendes semella por veces unha odisea, mesmo unha utopía. Llerena Perozo Porteiro (Vigo, 1974) habita nun soño cumprido dende o 2020, nun proxecto vital e social de volta á natureza, ao rural e á cultura: A Gargalleira. Esta experiencia de vida, á que chegou grazas ao seu activismo ecofeminista, fai posible que poida ter máis tempo real para o que de verdade importa. Este ano sorpréndenos con *Os anos tranquilos*, un libro histórico que percorre a andadura polo mundo de María García, unha muller valente, forte, e que foi capaz de soste a vida coas mans. Colaboradora regular en medios de comunicación, publicou tres obras de divulgación sobre igualdade e ecoloxía, varios libros destinados ao público infantil e xuvenil, así como a novela *Pérez. Historia dun triunfo* (2021).

Tolstói comezou a obra de Ana Karenina do seguinte xeito: “*Todas as familias felices se parecen, pero cada familia desgraciada éo á súa maneira*”. Aínda non tendo moito que ver coa túa recente novela, a min veume á cabeza porque ambas son obras sobre grandes mulleres. Estás de acordo?

Comprendo a asociación, desde logo, e concordo en que nas dúas novelas as protagonistas son grandes mulleres. Porén, os seus patróns, sendo ambas transgresoras coas normas sociais dos seus tempos, son opostos. Penso que Ana Karenina representa a dependencia emocional e María García, a protagonista e narradora de *Os anos tranquilos*, xusto o contrario.

O teu libro lese case coma unha telenovela, sobre todo porque conta moitas cousas e é capaz de irnos directamente ao corazón. De onde xorde *Os anos tranquilos*?

Xorde unicamente da vontade de narrar, de contar, de fabular. Do gozo que me proporciona escribir. E fúndase en grande medida no que aprendín na infancia nunha crianza en tribo por nai, pai, dúas avoas e dous avós. Na nosa familia hai e houbo grandes contadoras e contadores, alén da escritora e o escritor, que ademais viviran feitos transcendentales e interesantes. O meu avó paterno era un contador oral espectacular, o meu irmán é guionista e director. En canto ao que refires acerca do “visual” da narración xa mo comentaron algunha vez, tamén coa anterior novela. Non son quen de escribir capítulos longos e disque esa brevidade fomenta unha lectura

máis dinámica. Se cadra, ten que ver co meu paso profesional polo audiovisual, onde lin moitos guións e mesmo escribín algunha curtametraxe e, por suposto, con que pertenzo a unha xeración que medrou coa tele e as películas, cos puntos de xiro trepidantes e os finais “en alto” das sagas e as series.

Quen é María García, esa muller que leva o mundo nas mans?

María representa, no meu universo emocional e narrativo, ás mulleres de orixe rural do século XX. Coñecín algunhas historias de vida increíbles, varias delas na casa. Non foron mulleres que pasasen aos libros de historia, mais, sen elas, nós agora non seríamos como somos nin gozaríamos de moitas liberdades e avances. Elas facían por intuición, por supervivencia ou por sentido común, pero abriron case todas as portas.

As mans son unha fermosa metáfora, porque a través delas vivimos situacións fermosas e outras complexas. Que querías expresar con esta imaxe?

As mans representan o traballo, a determinación, a capacidade para saír adiante. Tamén, que sempre temos un recurso en nós mesmas, mesmo cando todas as opcións semellan esgotadas. As mulleres como María sabían coser, cociñar, coidar, sandar, arrolar, limpar, asistir un parto... e dise delas que non tiñan coñecementos. Todos eses saberes e máis, residen nesa metáfora das mans. Por outra banda, agora que non está ben visto envellecer, un dos sinais do paso do tempo máis difíciles de disimular no físico é o das mans. Aí vese a verdadeira persoa, a súa idade real. Tan só ollándoas, podemos deducir moitas cousas acerca da existencia vivida pola súa propietaria ou propietario.

A través da protagonista, reivindicas a esas mulleres de aldea que apenas foron á escola pero que tiveron a ousadía de tirar para adiante. De feito, mentres lía veume á cabeza a recentemente falecida Luz Fandiño, sobre cuxa vida souben nun libro fermosísimo de Lupe Gómez, e que se parece moito a María García, sobre todo na busca da cultura. Foi algo casual ou Luz está aquí tamén?

Sorpréndeme moito esta pregunta, vaia ollo! Si, hai un chisco a Luz Fandiño. Ela contoume unha vez como quedou na rúa en Buenos Aires, acabada de chegar, sen cartos nin casa nin nada, sendo case adolescente. Esa historia quedoume gravada e quixen introducila, en parte, na biografía de María, que é un “Frankenstein” de varias mulleres reais. A procura da cultura, o degoiro por saber, por atopar respostas ás súas preguntas, é un factor común a todas elas. Aínda que María tamén ten a súa parte inventada, que é grande. Acontécese que, segundo vou escribindo, os personaxes van adquirindo nesgos e vida propios. Esta muller en concreto deume bastantes problemas, porque eu pensara nunha serie de desgrazas e atrancos pero, cando me poñía a teclear, ela saía de todos. Houbo momentos, incluso, frustrantes.

A protagonista expresa nun momento que “os libros crearon en min a sensación de fogar que tanto degoirara nos últimos anos”. É só un exemplo dos moitos que hai no libro sobre o amor á lectura e o que poden axudarnos as palabras. É unha carta de amor aos libros e á cultura en sentido amplo, estás de acordo?

Ao cento por cento. As palabras son todo. Son a chave para saír de case calquera sarillo, crean a realidade, interprétana e incluso a reelaboran. E os libros son a casa grande das palabras, un recurso imprescindible. O mesmo que a creación literaria foi o espazo de liberdade para moitas mulleres grazas a que só era precisa unha mínima alfabetización, unha pluma e papel, a lectura foi a fonte de coñecemento para moitísimas máis. Tamén para os homes pobres que desexaban

saír da miseria. E aí, a Segunda República foi un punto de inflexión que coido se está a esquecer na narrativa presente. María, sen querer, por puro instinto, descobre isto e dá cunha chave que lle permite saír adiante e gozar da vida.

O libro conta unha vida e percorre varias épocas e espazos. Como foi o proceso de documentación? Cales foron os motivos para escoller uns espazos e non outros?

Hai unha mestura nisto. Por unha banda, hai escenarios que coñezo a fondo, como a casa natal de María ou o lugar onde remata os seus días, e que teñen un valor especial para min. Outros coñecinos de paso e, por suposto, en épocas diferentes ás da novela, como Madrid, Buenos Aires, París ou La Habana. Tamén tiña bastantes referencias da vida da miña avoa e o meu avó maternos acerca deses lugares en épocas máis achegadas ás da novela. E logo hai sitios, como Norte América, que non pisei. Así que onde non tiña recursos propios procurei contexto e referencias históricas en libros, internet e filmes. Tamén en canto á tecnoloxía (os coches, os avións, a radio e a televisión...) e os usos da época. Foi divertido. Documéntome a medida que vou escribindo e decote acontece que na investigación aparecen datos que me inspiran pasaxes ou xiros narrativos.

No libro reflectes a emigración senedulcorala. Era algo buscado ese falar das persoas que deixaron o país e no camiño atoparon momentos bos pero tamén momentos acedos?

Penso que hai que escribir desde unha mesma, incluso a ficción máis fantasiosa. Iso dá a pátina de veracidade necesaria. A emigración é parte do meu ADN, do acervo familiar. Non busquei como contala, só relatei unha parte do que sabía tal como me foi transmitida. É certo que desde sempre me resultou rechamante o contraste entre a maneira de falar desa experiencia de quen a viviron e como se romantiza ou deosta no discurso colectivo, pero a verdade é que non era un obxectivo cando escribín. Polo menos, non consciente.

A protagonista escribe desde o presente cunha vida vivida e lembrando cara atrás. Por que escolliches esta fórmula?

A medida que unha medra, revisa a memoria e a si mesma. Poder ollar cara atrás achega unha perspectiva imposible cando estás no fragor do momento. Isto permite que María, ademais de narrar a crónica da súa existencia, poida reflexionar acerca de cuestións importantes e que, cando menos, eu acho interesantes. Por outra banda, escribir en primeira persoa era un reto que tiña pendente. A narración non omnisciente e subxectiva crea oportunidades que me apetecían moitísimo.

A través das túas obras, sempre teño a sensación positiva de que estamos recuperando as voces das infinitas mulleres silenciadas. Houbo moitos heroes masculinos e sempre foron os protagonistas dos relatos. Pero o feminismo está cambiando as tornas. Que cres que é capaz de chegar a literatura nesta loita?

Que bonito é ouvir iso. Que conste que non é algo premeditado: esas voces aparecen e cobran vida porque me interesan. Como che dicía hai un anaco, só podemos escribir desde nós mesmas, e iso inclúe falar sobre asuntos ou personaxes que nos incumben, que atravesan as nosas emocións e conflitos. A literatura achega unha barbaridade. E, dentro do ámbito literario, a ficción ten un súper poder: consegue una intensidade de identificación e empatía que, segundo a miña experiencia, non se alcanza noutro tipo de escrita, coma o ensaio ou a divulgación.

A obra sabe moito a verdade, e de feito creo que se poderían identificar con ela moitas mulleres que emigraron. Sabes dalgunhas mulleres maiores que estean lendo ou leran a novela e che comentaran as súas impresións?

De momento, non. As que eu coñecía, que son das que migraron no tempo de María, xa non están connosco. Si que recibín algunhas mensaxes de mulleres, máis novas, das que fixeron o camiño inverso, que migraron desde América e agora viven en Galicia, e doutras, fillas e netas das emigrantes, que a leron na outra beira atlántica. É fantástico que lean en galego. Estas si que me dixeron que se identificaron en boa parte con esa faceta da novela. O que podo concluír é que son historias que mudan pouco ou nada no esencial.

Dise na túa biografía que desde 2020 vives na Gargalleira (Silleda), onde habitas un proxecto vital e social diferente. Podes falarnos del?

Por suposto. O que estamos a facer na Gargalleira o meu compañeiro e mais eu é, basicamente, tentar vivir como desexamos no canto de facer o que se agardaba de nós. Agora confiamos en dispoñer polo menos dun cuarto de século máis para esta segunda vida. O piar esencial é saír do sistema produtivo e de consumo, tender á sustentabilidade enerxética, alimentaria e económica, é a consecuencia desa pretensión ou o xeito que nós atopamos para facelo. Por exemplo, a enerxía eléctrica que empregamos provén unicamente do sol (malia que nos encantaría poder empregar tamén a hidráulica. Se cadra, algún día...).

Como somos incapaces de mirar só por nós, este proxecto vital ten unha faceta social. Pretendemos amosar con feitos que o noso obxectivo non só é viable senón que ademais é unha boa idea de cara a redistribuír o mapa demográfico e mais a paliar o cambio climático. Dedicamos parte do noso traballo a axudar a outras persoas a atopar solucións semellantes, outra parte a xerar actividade cultural e formativa aquí e outra a divulgar. Desde hai ano e medio estamos a desenvolver un novo proxecto dentro da Gargalleira que vai ser o aglutinante de todo este discurso, mais vai amodo. Con sorte, de hoxe nun ano abríremolo ao público. Por último, teño que sinalar que, se podo escribir, é grazas a esta vida, a de agora, a lenta, e a que teño un compañeiro que se ocupa de todo cando as historias se apoderan de min. É o meu mecenas privado, quen me prové do máis valioso: amor, espazo e tempo.